

O lixo e O Irixo

TRIBUNA ABERTA

Serafín González (*)



Como en tantas outras ocasións, no caso do proxecto para instalar unha macro-incineradora de lixo no concello ourensán de O Irixo convén botarlle unha ollada ao pasado recente para comprender a situación actual.

En 1997, malia ás críticas de SGHN (máis detalles en www.sghn.org), o actual plan de xestión dos residuos sólidos urbáns (PXRSU), é dicir do "lixo doméstico", desbotou a compostaxe dos restos orgánicos, instalou moi poucos contedores para a recollida selectiva de vidro, papel e envases lixeiros e do seu orzamento adicou tan só un 1,1% a reducir a xeración de residuos e un 92,3% á incineradora de Sogama no concello coruñés de Cerceda.

As consecuencias do modelo de xestión do lixo baseado na incineración que se adoptou hai 15 anos témolas que afrontar agora. Entre 1998 e 2009 a xeración de residuos por habitante e día aumentou nun 49% e o novo PXRSU 2010-20 recoñece explicitamente o "Colapso da capacidade das instalacións de tratamento actuais", é dicir, da incineradora de Cerceda. Colapso que obrigou á construción (inicialmente non prevista) e ás sucesivas ampliacións do veciño vertedoiro en Areosa, que coa nova ampliación aprobada a pasada semana ocupará a superficie de 58 campos de fútbol e conterá 1,2 millóns de toneladas de lixo.

Agora, o "novo" PXRSU plantexa como obxectivo para 2020 reducir só nun insuficiente 10% a produción de residuos..., pero a penas lle adicará o 2,2% do seu orzamento para "proxectos de prevención de residuos, fomento do consumo responsable, da redución das bolsas de plástico dun só uso, da redución de papel, da reparación e a reutilización e da auto-compostaxe".

En 1997 pretendíase acadar a recollida selectiva dun cativo 18% do lixo, considerado globalmente, e dun 50% nos casos específicos de vidro, papel e plástico/envases lixeiros, pero as cifras oficiais indican, sen lugar a dúbidas, que agás para o vidro os obxectivos de reciclaxe fracasaron estrepitosamente: con respecto as previsións iniciais hoxe recíclase menos da metade do papel e nin siquiera a quinta parte dos envases. Algo, por outra banda, moi fácil de adiviñar hai quince anos tendo en conta que o número de contedores para a recollida selectiva era

moitísimo menor que os adicados á recollida conxunta de lixo, polo que SGHN afirmou nun voto particular no Consello Galego de Medio Ambiente que "os medios de recollida selectiva previstos no plan non son axeitados para o medio rural diseminado e son insuficientes tanto para o medio rural como para o urbano".

Coa asignatura suspensa (no modelo Sogama recíclase o mesmo que nos vertedoiros), agora o novo PXRSU "repite obxectivos" e prevé acadar en 2020 ese

ciación, reutilización, recollida selectiva e reciclaxe (os recomendados pola UE) quedan outra vez postergados e apóstase de novo pola incineración, adicándolle o 60% do orzamento para infraestruturas. Ademais, malia un teórico cambio de rumbo na política sobre compostaxe da fracción orgánica fermentable, a partida orzamentaria correspondente suxire que moi dificilmente se poderá cumprir a Directiva 1999/31/CEE que dispón que dous terzos dos residuos biodegradables



Incineradora do Irixo, vista por Felipe Senén.

50% de reciclaxe para papel-cartón e envases lixeiros, que xa deberíamos ter hoxe, ademais dun cativo incremento na reciclaxe do vidro (do 50% actual ó 60%). Pero só se adicará o 6,5% do orzamento á recollida selectiva de vidro, papel-cartón e envases lixeiros. Á vista destes datos e moi ó noso pesar, SGHN "repite vaticinio": non parece que con estes medios se poida acadar o 50% de recollida selectiva de papel-cartón e envases lixeiros

Aprende a Xunta de Galicia dos seus erros do pasado? Seica non, á vista do "novo" plan de xestión dos RSU 2010-20 no que os imprescindibles é urxentes programas de redu-

municipais non poderán ser vertidos.

A "solución" da Xunta de Galicia para o fracaso do modelo Sogama é caer outra vez no mesmo erro: unha incineradora na metade sur de Galicia. Pero quizais máis grave que apostar por un modelo erróneo e fallido, é o feito de logo adoptar a solución

"A alternativa é reducir, recoller selectivamente, reciclar e reutilizar o lixo onde se produce"

máis sinxela para un goberno cobarde. O plan fala dos principios de "quen contamina paga" (responsabilidade do produtor) e "proximidade e suficiencia" (xestión dos residuos perto das zonas de xeración) pero quere construír a incineradora en O Irixo, a 80-95 km por estrada e 140-180 km por ferro-

carril da área metropolitana Vigo-Pontevedra e a faixa litoral, que con tres veces máis poboación, catro veces máis industria e unha taxa de xeración de residuos por habitante máis elevada, xenera o 70-75% do lixo de Galicia sur (datos oficiais). Para queimar os lignitos de Meirama ou de As Pontes (cun poder calorífico maior que o lixo) construíronse as respectivas centrais térmicas mesmo ao carón dos xacementos porque doutro xeito non sería rendible. As industrias auxiliares da planta de Citroën en Vigo están nos seus arredores para diminuír os custos de transporte das súas mercadorías valiosas. Onde están os cálculos enerxéticos e de custos de transporte que xustifican a instalación en O Irixo dunha incineradora para queimar o lixo xerado a 80-180 km de distancia?

SGHN afirma hoxe que non hai razóns técnicas, económicas, enerxéticas, loxísticas nin ambientais para unha incineradora en O Irixo. O "mundo rico" exporta os seus residuos aos países pobres; basta teclear nun buscador de internet as palabras basura electrónica, Europa, Ghana, vertedoiro de Agbogbloshie, para ver onde van parar os artigos electrónicos dos que disfruta a nosa sociedade rica, consumista e despilfarradora ata que moi pouco despois aparece un modelo novo. E se funciona de Europa a África (a quen lle importan os africanos pobres?), agora a Xunta quere exportar o lixo da Galicia rica (que non sabe xestionar) á Galicia pobre, despoboadada e avellentada. Dende a Galicia onde hai máis votos e habería máis oposición social, á Galicia onde hai moi poucos votos e confía que a oposición social, e o eco nos medios de comunicación, sexa menor. O modelo Sogama é erróneo. O modelo Sogama-Sur é ademais inxusto, insolidario, inaceptable, indecente, cobarde.

Cal é a alternativa acertada? Reducir, recoller selectivamente, reciclar e reutilizar o lixo onde se produce. Que cada pau aguanta a súa vela, que cada comarca xestione os seus residuos cos criterios do século no que vivimos.

(*) *Presidente da Sociedad Galega de Historia Natural y técnico del CSIC.*